

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 2 DE XUÑO DE 2020 SOBRE A PRÓRROGA DA VIXENCIA DAS LISTAS DE AGARDA XERADAS MEDIANTE CONCURSO DE PROFESORADO CONTRATADO

O Consello de Goberno na súa sesión do 10/05/2011 aprobou a Normativa do profesorado de substitución, modificada no Consello de Goberno do 21 e 22/03/2013, pola que se establece o procedemento de cobertura da docencia vacante por circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario ou a suspensión temporal da actividade do profesorado.

No seu apartado “3. Xestión das listas de agarda”, establécese cómo se xestionan estas listas despois de resolto os concursos para a provisión de prazas de PDI contratado ou funcionario e os concursos específicos para xeración de listas de agarda, pola que todo aquel persoal que non fose contratado ou nomeado, pasarán a integrar unha lista de agarda para cubrir as eventuais vacantes ou necesidades de docencia que poidan sobreir ao longo do curso académico. Así mesmo, tamén indica que a vixencia destas listas de agarda será durante o curso académico en que se xeraron ou, excepcionalmente, a COAP, a pedimento dos departamentos, poderá acordar a súa prórroga ata un máximo de dous cursos académicos consecutivos.

Esta posibilidade excepcional de solicitude de prórroga das listas de agarda tamén se recolle nas Normas de elaboración do POD aprobadas no Consello de Goberno do 24/03/2020.

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, na súa disposición adicional terceira, establece a suspensión dos prazos administrativos dos procedementos do sector público durante a súa vixencia e as das posibles prórrogas, non permitindo realizar, polo de agora, a convocatoria do primeiro concurso de profesorado contratado para o curso 2020/21, imposibilitando que se poida asegurar cubrir as posibles necesidades de contratación dos departamentos durante os primeiros meses do curso académico 2020/21.

Debido a esta situación excepcional, o Consello de Goberno na súa sesión do 2 de xuño de 2020, **ACORDA:**

Prorrogar para o curso académico 2020/21 as listas de agardas vixentes durante o curso 2019/20.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 6 de xuño de 2020

O Reitor

Por delegación (RR 26/05/2020)

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer